



do 2 ao 4 de decembro de 2020

ONLINE

Ciclo de conferencias: "Memoria Democrática, a debate"

A Coruña

Máis información

Extensión universitaria

créditos
0.5
(en trámite)

«Memoria Democrática, a debate» é unha actividade online, que se realizará nos días 2, 3 e 4 de decembro de 2020 (de 18:00 a 21:00) na cidade de A Coruña, na sede institucional da UNED nesta cidade, e que reunirá a expertos de recoñecido prestixio internacional. A súa finalidade é debater como afrontar o tratamento do pasado neste presente. A recente sentenza xudicial que abre a porta a recuperar para a cidadanía o uso e desfrute das Torres de Meirás semella ter unha repercusión histórica no futuro da análise do pasado dictatorial que necesita ser plantexada e debatida. A vontade do Concello da Coruña manifestada en sesións plenarias pola demanda da recuperación ó público da chamada 'Casa Cornide' que posúe na actualidade a familia Franco, engade un especial interese e reforza a demanda social dunha análise académica, fonda, seria, complexa e o mais completa posible sobre as claves e os feitos acontecidos durante a ditadura.

Uns anos, os do franquismo, que precisan ser divulgados a cidadanía dun xeito rigoroso, correcto e severo. Hai que ter en consideración a extraordinaria complexidade desa época, chea de feitos que precisan ser contextualizados e diseccionados desde o ámbito académico. Como todos os fenómenos históricos, e quizás as Ditaduras en maior medida, precisan dun explicación que nos permita entender o noso presente dende o pasado para consolidar os valores democráticos. No caso concreto do proceso de permuta polo que a Familia Franco acadou a 'Casa Cornide', corresponde a un momento histórico do Franquismo -os anos sesenta escasamente divulgado e sobre o que a sociedade desexa saber máis.

Durante tres días consecutivos do mes de decembro de 2020, a través de streaming para a súa difusión pola rede, se realizarán **tres mesas redondas e debates posteriores abertos á cidadanía** -de xeito dixital-, **con expertos de primeiro nivel que desenvolverán o programa adxunto**. A Coordinación Académica terá o rol de moderador para ir dando entrada nas mesas os distintos ponentes, que terán unha primeira disertación de aproximadamente 10-15 m, para despois plantexar o debate entre as personas asistentes e entre eles mesmos.

Realizar estas actividades dun xeito seguro no contexto sanitario no que nos atopamos agora mesmo resulta difícil e complexo, pero a cidade da Coruña conta con unas instalacións adecuadas para facer fronte a este reto. Nese sentido a sede da UNED da Coruña pon a disposición deste proxecto as súas instalacións e os seus medios técnicos. Isto permitirá emitir a actividade cos seus medios técnicos de primeiro nivel.

A actividade pódese seguir **exclusivamente** en modalidade **online, tanto en directo coma en diferido**. Recoméndase encarecidamente consultar as **condicións para o seguimento online** na sección "Inscripción" ([+ información](#)).

[Requirimentos e consellos para unha boa conexión.](#)

Recoméndase ao alumnado consultar a documentación dispoñible ea sección de documentos en "O meu espazo" para familiarizarse cos requirimentos técnicos, xeitos de conexión e condicións de seguimento da actividade.

Lugar e datas

2, 3 e 4 de decembro de 2020
De 18:00 a 21:00 h.

Espazo no que se desenvolve:

Salón de actos

Lugar:

A Coruña

Horas

Horas lectivas: 10

Créditos

0.5 créditos ECTS (en trámite).

Online

Asistencia online
en directo ou en diferido,
sen necesidade de ir
ao centro asociado.



Programa

mércores, 2 de decembro

18:00-21:00 h. **O patrimonio do franquismo**

É preciso identificar cales son as principais metas que se pretenden alcanzar coa reincorporación do patrimonio usurpado polo ditador ao dominio público, así como evitar converter estes novos espazos en elementos repetitivos, infrautilizados ou desaproveitados. O patrimonio reintegrado non pode converterse nun contedor cultural baleiro máis, senón que deben identificarse como un espazo axeitado para desenvolver proxectos novidosos que faciliten a súa reincorporación ao espazo público dunha maneira útil para a sociedade que os reclama.

Para elo resulta indispensable coñecer o seu pasado en profundidade e facer unha reflexión sobre eles. Semella necesario debatir e contrastar entre expertos na materia para procurar os contidos axeitados de resignificación.

Fernando Martínez López *Secretario de Estado de Memoria Democrática*

Xosé Manuel Núñez Seixas *Catedrático de Historia Contemporánea, Universidade de Santiago de Compostela (USC)*

Anxo Viñas Martín *Universidade Complutense de Madrid (UCM). Funcionario, economista, diplomático e historiador, especializado na Guerra Civil Española e no franquismo*

xoves, 3 de decembro

18:00-21:00 h. **A ditadura franquista: ¿gobierno ou xestión?**

Os anos sesenta son un período case descoñecido para moitos –especialmente para os máis novos-. O franquismo nunca deixou de funcionar como unha ditadura. As súas dinámicas administrativas e políticas, xa desenvolvidas nas décadas anteriores como unha mestura de temor e inseguridade ante o Estado, insistían na propaganda ‘oficial’ –a única- na imaxe positiva do réxime como unha ferramenta de lexitimación. A ausencia de democracia disfrazábase dunha ‘democracia sui generis’. Pero a realidade detrás da careta do réxime era ben distinta. Se insistirá especialmente en divulgar aqueles anos sesenta, os dos ‘25 anos de paz’, o do período de esplendor dun franquismo institucionalizado, oficial e corporativo. A duración do réxime xenerou unhas rutinas tanto na administración como nos administrados. Unha escala de valores que foi asumido culturalmente pola maioría do gobernados. Estado e Franco eran o mesmo. Non resultaba posible desvencellalo.

Miguel Anxo Ruíz Carnicer *Catedrático de Historia Contemporánea, Universidade de Zaragoza (UNIZAR)*

Anna Catherina Hoffman *Historiadora. Universidade de Halle-Wittenberg (Alemaña)*

Antonio Cazorla Sánchez *Catedrático de Historia Contemporánea de Europa, Universidade de Trent (Canadá)*

venres, 4 de decembro

18:00-21:00 h. **A Casa Cornide: presente e futuro**

Trala análise do contexto daqueles anos e o patrimonio do franquismo, e a revisión do patrimonio franquista en España e Galicia, a conclusión deste ciclo xirará en torno á Casa Cornide.

A Casa Cornide é un elemento senlleiro do patrimonio arquitectónico de A Coruña. O seu retorno ao dominio público é unha vontade manifestada pola cidadanía e o Concello da Coruña, que dá os primeiros pasos para levar adiante os trámites necesarios para acadar o retorno da súa propiedade: BIC, realización de informes histórico e xurídico... No 2020, plantexar o futuro da Casa Cornide é unha oportunidade que non podemos perder, pero, cal é o pasado deste inmovible? Qué a fai tan especial?, de onde ven o interese do réxime por ela?, qué papel simbólico tivo no pasado máis lonxano? Qué futuro lle agarda?

Xosé Manuel Busto Lago *Catedrático de Dereito Civil, Universidade da Coruña (UDC)*

Emilio Grandío Seoane *Historiador. Profesor Titular Departamento Historia Contemporánea e América, Universidade de Santiago de Compostela (USC)*

Alfredo Vigo Trasancos *Catedrático de Historia da Arte, Universidade de Santiago de Compostela (USC)*



Asistencia

Asistencia online en directo ou en diferido, sin necesidade de ir ao centro asociado.

Inscripción

AVISO IMPORTANTE: A matrícula pecharase definitivamente o seguinte día lectivo tras a última sesión da actividade. As persoas coa matrícula confirmada recibirán as ligazóns para o seguimento en ambas modalidades.

Matrícula Ordinaria	
Online en directo	Gratuíta
Online en diferido	Gratuíta

Matrículaonline

Outras actividades do ciclo

Esta actividade pertence ao ciclo **Ciclo de conferencias: "Memoria Democrática, a debate"**

Dirixido por

Abdón Mateos López

Catedrático de Universidad. Departamento de Historia Contemporánea, UNED.

Coordinado por

Emilio Grandío Seoane

Historiador. Profesor Titular Departamento Historia Contemporánea e América. Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Laura Sánchez Pérez

Coordinadora de Extensión Universitaria do Centro UNED de A Coruña

Secretario

Luis Velasco Martínez

Profesor de Historia Contemporánea da Universidade de Vigo (UVI)

Relatores das mesas redondas

José Manuel Busto Lago

Catedrático de Dereito Civil da Universidade da Coruña (UDC)

Antonio Cazorla Sánchez

Catedrático de Historia Contemporánea de Europa en la Universidade de Trent (Canadá)

Emilio Grandío Seoane

Historiador. Profesor Titular Departamento Historia Contemporánea e América. Universidade de Santiago de Compostela (USC)



Anna Catherina Hoffman

Historiadora. Universidade de Halle-Wittenberg (Alemaña)

Fernando Martínez López

Secretario de Estado de Memoria Democrática

Xosé Manuel Núñez Seixas

Catedrático de Historia Contemporánea, Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Miguel Ángel Ruiz Carnicer

Catedrático de Historia Contemporánea na Universidade de Zaragoza (UNIZAR)

Alfredo Vigo Trasancos

Catedrático de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Ángel Viñas Martín

Universidad Complutense de Madrid (UCM). Funcionario, economista, diplomático e historiador, especializado na Guerra Civil Española e no franquismo

Dirixido a

Público en xeral interesado na temática.

Titulación requirida

Non se require

Obxectivos

- Divulgar, debater e reflexionar sobre o concepto de memoria democrática.
- Reflexionar en torno ao patrimonio do franquismo e os seus usos actuais.
- Divulgar sobre os anos de esplendor do franquismo institucionalizado, oficial e corporativo, así como das rutinas xeradas tanto na administración como nos administrados.
- Analizar o contexto e o patrimonio do franquismo en España e Galicia, para concluír ao redor da Casa Cornide da Coruña.

Metodoloxía

A metodoloxía será a propia da UNED, combinando a parte de explicación teórica co traballo autónomo.

A actividade, gratuíta e aberta a toda persoa interesada na temática, consta de 10 horas lectivas, das cales 9 horas serán de debate e reflexión teórica por parte dos relatores, repartidas en tres mesas redondas, e 1 h de traballo autónomo, nas que cada estudante deberá estudar a documentación complementaria achegada polos relatores. Para conseguir o certificado de aproveitamento, cada estudante debe asistir ao 80% da formación teórica. A sesións do curso poderán ser seguidas online a través de **emisión en directo e tamén en diferido**, desde calquera dispositivo con conexión a Internet con clave de acceso (recoméndase a consulta dos requirimentos técnicos para a conexión na sección "Matrícula" e as instrucións na documentación adxunta en PDF ao comezo desta páxina).

[+ Información](#)

Sistema de avaliación

Para recibir o certificado de aproveitamento da actividade, o alumnado debe asistir ao 80% das horas de explicación teórica. O control da asistencia se realizará por medios telemáticos. Durante a actividade indicárase ao alumnado o procedemento a seguir.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Concellería de Educación e
Memoria Histórica,
Concello da Coruña



Colaboradores

Organiza



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Concellería de Educación e Memoria
Histórica, Concello da Coruña

Colabora



Máis información

UNED A Coruña

Educación, 3

15011 A Coruña (A Coruña)

981 14 50 51 / info@a-coruna.uned.es